

II Certame de Fotografía do Concello de Ponteareas

PONTEAREAS NO OBXECTIVO

A Concellería de Cultura e turismo, coa finalidade de involucrar a veciñanza no coñecemento do entorno de Ponteareas dando a coñecer as diferentes realidades da nosa localidade, convoca a **II Edición do Concurso de Fotografía non profesional 2016** para incentivar a participación e integración de persoas e colectivos, así coma o recoñecemento e difusión de obras de novos creadores coas seguintes bases:

BASES REGULADORAS

O Certame será aberto e nel poderase participar a nivel individual ou colectivo persoas maiores de 15 anos.

Todas as fotografías deberán estar relacionadas co Concello de Ponteareas: a xente, paisaxe, lugares, monumentos, urbanismo, eventos, festas e romarías, labores tradicionais, etc.

As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos. Poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor, en calquera técnica.

Non se admitirán aquelas obras nas que se utilizaren imaxes ou plaxios de imaxes, de outros autores/as ou institucións nin aquelas obras que por representar a persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impugnados ou reclamados os seus dereitos de utilización. Tampouco se admitirá a utilización nin a aparición de marcas comerciais.

Cada fotografía terá un tamaño mínimo de 18 X 24 cm e cun máximo de 40 X 50 cm impresas en papel fotográfico. Cada participante pode entregar un máximo de 3 fotografías na

Biblioteca Municipal de Ponteareas
A Perillana 9-11
36860- Ponteareas
Télf: 986660765

Xunto ás fotografías, presentarase un sobre onde se recolla o título das fotografías e os datos do autor/a: nome, apelidos, DNI, dirección de contacto e teléfono. Ademais xuntará unha copia do DNI ou pasaporte.

No caso de que o/a participante sexa menor de idade, ou estea titulado, deberá presentar dentro do correo, a autorización do pai/nai/titor legal así como a copia do DNI da persoa que autoriza a participación.

As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autor das fotografías presentadas e feitas legalmente.

Ademais as fotografías deben ser enviadas ao seguinte enderezo electrónico: bibliotecamuseo@ponteareas.es. O formato dos arquivos debe ser JPEG/JPG

e de dimensións mínimas de 1024 X 768. En ningún caso, poderá superar os 5 Mb de carga.

O **prazo de admisión** de orixinais manterase aberto desde o día seguinte da data de publicación destas bases ata o 15 de setembro de 2016.

O xurado estará integrado por cinco membros presidido por unha persoa do departamento de Cultura e Turismo; como secretario /a -con voz e sen voto- un traballador/a da biblioteca municipal; e catro expertos no ámbito fotográfico. O xurado basearase na proposta expresiva, corrección técnica e capacidade de por en valor do patrimonio natural, paisaxístico, cultural e etnográfico do Concello de Ponteareas.

O xurado emitirá o seu fallo durante o mes de setembro que se publicará na web www.concellodeponteareas.org

O concurso dotarase para cada categoría dos seguintes premios a elixir entre os primeiros clasificados:

1º Trofeo e un bono para dúas persoas para pazo da auga + cea.

2º premio: Trofeo e un vale por un xantar ou cea nun establecemento do Concello de Ponteareas para dúas persoas.

3º Trofeo e diploma acreditativo

Os participantes deberán facer efectivos os seus premios antes do 31 de decembro de 2015.

As fotografías gañadoras, xunto coa selección das presentadas ao certame, serán expostas nunha exposición organizada pola Concellaría de Cultura Turismo e bormalización lingüística.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Ponteareas, con cesión dos dereitos de reprodución e exposición.

O Concello resérvase o dereito de deixar deserto algún dos premios se non reunen os requisitos da presente convocatoria.

A participación neste concurso implica a aceptación total destas bases e unicamente o Concello de Ponteareas queda facultado para dirimir calquera controversia derivada da interpretación das mesmas.

Asdo. Hortensia Bautista Fernández

Ponteareas, 1 de agosto de 2016

